

Ou se cambia a ubicación das zapatas no proxecto de ampliación da ponte de Rande, ou os restos do Castelo de Rande veranse afectados de cheo.



O pasado día 31 de decembro o Faro de Vigo publicou unha nova sobre o castelo de Rande onde se dicía, entre outras cousas:

"[...]O Concello de Redondela iniciará un procedemento de inspección e control das obras que se executan na contorna da fortaleza de Rande para evitar que as ruínas poidan resultar danadas coa acción das máquinas.[...]"

Cando non hai traballo previo e se atende ás presións, o PP de Redondela sae ao paso con declaracións sen sentido. Ou se moven do proxecto as zapatas novas a construír (que dúas caen xusto enriba das murallas do castelo), ou esas inspeccións das que fala serán tan só un paripé máis do goberno local neste asunto. Na comisión de seguimento das obras do 3 novembro, na cal o goberno local apenas fixo demandas, AER preguntou se o Ministerio de Fomento e a concesionaria tiñan pensado mover as zapatas da ampliación da ponte para salvar o Castelo de Rande. A resposta por parte de AUDASA, subscrita polo Ministerio de Fomento foi a seguinte:

"Non imos mover ningunha, temos permiso de Patrimonio para realizar os pilares como marca o proxecto.

AER ten que darlle os parabéns ao concelleiro de Cultura por lembrar a moción presentada por esta Agrupación no pleno do 4 de abril do 2013 e aprobada por unanimidade onde se pedía:

"Solicitar a incoación de expediente para a declaración de BIC dos restos da Fortaleza de Rande, así como o Cargadeiro do Alemán, o xacemento arqueolóxico dos Pecios da Batalla e do Contorno de Rande."

Este expediente atópase en tramitación na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta, aínda que segundo parece non o está a ter moito en conta.

Por outra banda, dende AER resaltamos que a declaración de Ben de Interese Cultural non salvará ao Castelo de Rande, ao carecer o proxecto de ampliación dun apartado dedicado á súa recuperación, e ao non existir alegacións serias por parte do goberno da Xunta, e mesmo do propio Concello de Redondela; que nos tempos de exposición pública do proxecto esqueceuse de defender o noso patrimonio. O primeiro punto que debería de observar o concelleiro de Cultura é que o trazado da AP-9 pasa por enriba da fortaleza do século XVII, e para executar a obra, está previsto construír vías de obra, escavar e mover centos de toneladas de terra sen ningún tipo de protección e estudo arqueolóxico serio por parte do Ministerio de Fomento e da concesionaria, ata a data de hoxe.

Redondela, a 4 de xaneiro de 2016